

CIG-SAÚDE

INFORMA:

A CIG-SAÚDE VAI RECLAMAR NOS XULGADOS A VIXENCIA DOS DÍAS ADICIONAIS DE VACACIÓNS

Como xa anunciamos no seu día, **os Días Adicionais de Vacacións seguen vixentes**, posto que o artigo 75 da Lei de Función Pública de Galiza así o recolle, e **non foi derogado**.

O SERGAS négase a recoñecer a vixencia destes días. Desde a **CIG-Saúde** remitimos a Recursos Humanos o informe da nosa asesoría xurídica que explicita a argumentación da vixencia desta norma, solicitando, esixindo, unha resposta por escrito, motivada, na que se explique a negativa a conceder os días adicionais de vacacións. Se tan segur@s están de que están derogados, que o poñan por escrito. A qué teñen medo?

Posto que o SERGAS non recoñece a vixencia, na **CIG-Saúde** decidimos **acudir aos tribunais** para facer valer a legalidade e poder acadar que todo o persoal do SERGAS que teña dereito a estes días por antigüidade poida gozalos con normalidade.

En vista das modificacións impostas ultimamente polo Ministro Gallardón con respecto ás taxas xudiciais, acudir aos xulgados tórnase prohibitivo, motivo polo cal a **CIG-Saúde** decidiu facer dúas reclamacións de 2 afiliad@s que, de recoñecer o xulgado na súa sentenza a vixencia dos días adicionais de vacacións, tal e como a **CIG-Saúde** mantén, **sería extensible ao resto de persoal**.

A recomendación que facemos na **CIG-Saúde** ao persoal afectado é a de agardar o resultado da nosa reclamación. Porén, as persoas que solicitaran días adicionais de vacacións e lles foran denegados están igualmente no seu dereito de reclamar xudicialmente, asumindo os custes das taxas. Mais tamén é importante que as persoas que non vaian chegar ao xulgado non fagan a reclamación previa e o recurso de alzada, posto que unha negativa en vía administrativa pode supor a perda do dereito de haber algún cambio posterior na regulación.

Seguiremos informando...

CIG-SAÚDE

www.cig-saude.org

Telf. 981 552 826

secretarianacional@cig-saude.org

executiva@cig-saude.org

